

Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior Curso 2021

Quen se pode presentar ás probas de acceso a grao superior?

Quen non cumpra os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao superior e teña dezanove anos cumpridos ou os cumpra no ano natural de celebración da proba.

Os requisitos de acceso a ciclos formativos de grao superior son, entre outros:

- Título de bacharel (inclúe Título de BUP)
- Título de técnico de formación profesional.

Como inscribirse nas probas de acceso?

A inscrición será telemática na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>

Toda a información referente á aplicación informática para inscribirse pódese consultar no seguinte documento:

http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/9043

As solicitudes presentadas por usuarios maiores de idade dos cales se dispoña de todos os seus datos e que empreguen algún sistema de autenticación serán validadas automaticamente, polo tanto non será necesario presentalas en ningún centro de inscrición.

O centro de inscrición elixido pola persoa solicitante tomarase como referencia para a asignación da sede de realización da proba de acceso.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes é do **18 de febreiro ao 3 de marzo** de 2021.

Estrutura da proba

A proba de acceso consta de **dúas partes**:

PARTE COMÚN: Relacionada cos contidos do bacharelato:

- Lingua galega.
- Lingua castelá.
- Matemáticas.

PARTE ESPECÍFICA: Organizarase en tres opcións: A, B e C en función das familias profesionais e as materias establecidas para cada unha delas. Deberase **elixir unha das tres opcións** no momento de formalizar a inscrición **escolloendo dúas das tres materias** das que quere examinarse:

- OPCIÓN A: economía da empresa, lingua estranxeira e filosofía e cidadanía.
- OPCIÓN B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial e física.
- OPCIÓN C: ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

Familias profesionais e ciclos formativos aos que se pode acceder segundo a opción da parte específica da proba de acceso a ciclos formativos de grao superior

| PROBA DE ACCESO SUPERADA | FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS AOS QUE DÁ ACCESO |
|--------------------------|---|
| Opción A | Administración e Xestión. |
| | Comercio e Márketing. |
| | Hostalaría e Turismo. |
| | Servizos Socioculturais e á Comunidade. |
| | Ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos (da familia profesional de Imaxe e Son). |
| Opción B | Artes Gráficas. |
| | Edificación e Obra Civil. |
| | Electricidade e Electrónica. |
| | Enerxía e Auga. |
| | Fabricación Mecánica. |
| | Industrias Extractivas. |
| | Informática e Comunicacions. |
| | Instalación e Mantemento. |
| | Imaxe e Son (agás o ciclo superior de Produción de Audiovisuais e Espectáculos). |
| | Madeira, Moble e Cortiza. |
| | Marítimo-pesqueira (agás o ciclo superior de Acuicultura). |
| | Transporte e Mantemento de Vehículos. |
| | Téxtil, Confección e pel. |
| Vidro e Cerámica. | |
| Opción C | Agraria. |
| | Actividades Físicas e Deportivas. |
| | Imaxe Persoal. |
| | Industrias Alimentarias. |
| | Ciclo superior de Acuicultura (da familia profesional de Marítimo-Pesqueira). |
| | Química. |
| | Seguridade e Ambiente. |
| Sanidade. | |

Desenvolvemento da proba

En que data terá lugar a proba?

O 15 abril.

En que horario?

Presentación:

→ Ás 9:00 horas.

Parte común da proba:

→ Das 10:15 ás 13:30 horas (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).

Parte específica da proba:

→ Das 16:00 ás 18:30 horas (materias específicas da opción escollida).

Onde terá lugar a proba?

O día **26 de marzo** farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Estalista publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/jp>

Onde farei os exames?

A sede de realización da proba determínase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

Que documentación é necesario levar o día da realización da proba?

O documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Que materiais se poderán empregar no desenvolvemento das probas?

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Poderase empregar nas probas de Matemáticas, Física, Tecnoloxía industrial e Química.
- Lapis, compás, regra, escuadro e cartabón, en Debuxo Técnico.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

Cualificación e certificación

Cualificación da proba

A valoración será numérica entre cero e dez. A nota final calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de **catro en cada parte** e será a media aritmética destas con dous decimais.

Para a superación da proba será necesario obter unha cualificación de **cinco** ou superior. En caso contrario a nota final será non apto.

Certificación:

Quen realice a proba recibirá unha certificación coa nota final e a cualificación obtida en cada unha das partes.

A superación da totalidade da proba será válida como requisito de acceso a todos os ciclos formativos relacionados coa opción elixida para a proba e en todo o territorio nacional, e manterá a súa vixencia sempre que non se modifique o título e as ensinanzas correspondentes ao ciclo formativo.

No caso de non superar a totalidade da proba, a cualificación nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco manterase en futuras convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia durante un máximo de dous anos.

Onde se solicitan os certificados?

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2006), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

Calendario convocatoria 2021

| Calendario de probas de acceso a ciclos superiores de Formación Profesional Convocatoria 2021 | |
|--|---------------------------|
| Probas de acceso | Datas grao superior |
| Inscrición para a proba. | 18 de febreiro ao 3 marzo |
| Publicación das listaxes provisionais: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada. | 10 marzo |
| Reclamación contra as listaxes provisionais. | 10-15 marzo |
| Publicación das listaxes definitivas: -de inscrición. -de exencións. -de proba adaptada. | 26 marzo |
| Publicación dos centros públicos onde se realizarán as probas cos centros de inscrición que teñen adscritos. | 26 marzo |
| Celebración da proba. | 15 abril |
| Publicación da listaxe de cualificacións provisionais. | 3 maio |
| Reclamación contra a listaxe de cualificacións provisionais. | 4-7 maio |
| Publicación da listaxe de cualificacións definitivas. | 1 xuño |
| Entrega de certificados nos centros. | A partir do 3 de xuño |
| Recursos contra as cualificacións definitivas de probas de acceso. | 2 xuño – 2 xullo |
| Resolución administrativa. | 3 xuño - 30 setembro |

Información da convocatoria 2021

Información xeral:

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior-convocatoria-actual>

Páxina de inscrición:

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinaInicio.do>

Nota informativa:

http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/9043

Exames de convocatorias anteriores:

<http://www.edu.xunta.es/fp/node/269/>